

INSTRUCCIÓN PARA A SOLICITUDE DE DISPENSA DA ASISTENCIA A CLASE

De conformidade cos Estatutos da Universidade e coa Instrucción [1/2017, da Secretaría Xeral, sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias](#), o alumnado poderá solicitar, nos prazos indicados no formulario de solicitude ou, posteriormente, de concorrer causas imprevisibles e sobrevidas, a dispensa de asistencia a clase, mediante solicitude motivada e acreditada formulada ao Decano segundo o indicado a continuación:

Son causas para a solicitude de dispensa:

- a) A enfermidade grave ou os tratamentos médicos inaprazables que impidan a presenza no centro do alumnado
- b) O coidado de dependentes a cargo ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, debidamente acreditada
- c) A prestación de servizos por conta allea ou por conta propia debidamente acreditada (e dicir: alta no Réxime Xeral ou no de Autónomos da Seguridade Social, copia do contrato de traballo ou dos encargos a realizar, copia do recibo de pago da última cotización), sempre que no se poda acoller ao réxime de matrícula a tempo parcial
- d) A persoa que presentou unha denuncia por acoso, ou por outros comportamentos semellantes, sempre que ela considere máis adecuado para a súa saúde a dispensa

A efectos de concesión da dispensa, o Centro deberá ter en conta os seguintes criterios:

- A excepcionalidade, polo que só se concederá a dispensa a falta doutra alternativa para cursar os estudos
- Contemplar a natureza dos estudos que se pretendan cursar, tendo en conta que deberá ser denegado cando exista necesidade acreditada de asistencia a certas materias ou actividades, en particular as de contido fundamentalmente práctico
- As posibilidades de adquirir as competencias por sistemas alternativos a asistencia a clase, previo informe dos profesores responsables

Logo de completar o formulario, achegarase a través do [registro electrónico da USC](#) ou de xeito presencial no decanato da facultade.